

O PESIMISMO DOS FEITOS E O REGRESO Á POESÍA INTIMISTA E AMOROSA....

"...este anaco sinxelo de ledicia, melancolía e soño
que son eu."

O trienio 1977-1980 foi vivido con especial intensidade política por Manuel María, chegando mesmo a ser candidato ao Senado e á alcaldía de Monforte polo BNPG. O cambio do réxime fascista ao democrático estaba a producir nel grande decepción e desacougo, pois non estaba a ser nada favorábel para o pobo galego. Culminou entón a súa poesía de compromiso directo e explícito coa política nacionalista e o espallamento da historia pasada e presente da nación galega con *Poemas para construír unha patria* (1977) e *As rúas do vento ceibe* (1979).

A partir de 1981, como compensación, contrapunto e necesidade vital, emprende unha especie de retorno aos inicios, nunca abandonados, no que se mestura, con equilibrio clásico, a nostalxia, a melancolía e a alegría. Este retorno, xa anunciado en *Poemas ao outono* (1976) e *Cecais hai unha luz* (1979), non vai supor o abandono da preocupación polo futuro de Galiza -*Saturno*-. Neste período mantívose identificado co nacionalismo, mais sen adscrición partidaria.


Envelleceremos xuntos
e, cando chegue a hora de partir,
o noso amor non morrerá:
hase transformar na brisa lixeira
que en maio canta emocionada
na escura folla das abelairas
ou no sol ourilocente do outono
que bica as carballeiras docemente.
(...)

(*Poemas da labarada estremecida*, 1981)



Estamos perante un delicado poeta amoroso que na súa mocidade toma a forma de amor ideal e que a partir de 1956 se concreta na sempre compañeira Saleta. Xa no seu outono vital vai supor a evocación da paixón amorosa vivida. Foto: Felipe Senén.

- O retorno aos inicios levouno a retomar a poesía amorosa –Poemas da labarada estremecida–, como unha experiencia lograda e compartida –Os lonxes do solpor–, á evocación da natureza e da terra, especialmente a atracción pola paisaxe que o conformou –Ritual para unha tribo capital de concello, Poemas para dicirle a dúas lagoas–, á lembranza da familia e da infancia –Sonetos á casa de Hortas–, á cavilación sobre a morte –Versos do lume e do vagalume, Oráculos para cabaliños do demo–, á reflexión sobre os mitos, a poesía e a arte –A primavera de Venus– e á asunción das nosas derrotas –O camiño é unha nostalxia...



Manuel María
Beleza, amor e compromiso